

# NEGREIRA 2017

## XV NOITE FOLÉ



# UXIA

**SÁBADO 19 DE AGOSTO - 22:30 H.**

Uxía está considerada a grande dama da música galega e unha das maiores divulgadoras da súa poesía. Nos seus máis de 30 anos de carreira artística, renovou a música tradicional galega conectándoa coas culturas atlánticas, mesturando alalás (a forma de música tradicional galega máis antiga e característica) coa morna, fado e ritmos brasileiros. Desde a súa estrea con *"Foliada"* de marzo de 1986, o seu traballo representa un punto de encontro de diferentes culturas, e creou o seu repertorio a través das súas contínuas viaxes e intercambios con músicos de Brasil, Portugal, Cabo verde ou Guinea Bisáu, como João Afonso, Dulce Pontes, Rui Veloso ou Tito Paris.

Publicou 12 discos, polos que recibiu importantes recoñecementos, entre os que destacan o Premio da Crítica Galicia 2016 ou o Premio o Mellor Album de música de raíz nos Premios da Música independente e España por *"Meu Canto"*, seleccionado tamén como Top of the World pola revista británica Songlines.

Entre outros proxectos é a directora artística e alma mater do Festival Internacional *"Cantos na Maré"*.

+ info: <http://uxia.net/>



# TREIXADURA

**SÁBADO 19 DE AGOSTO - 24:00 H.**

**Treixadura** constitúe dende 1990, un espectáculo musical sorprendente, a música tradicional observada desde dúas concepcións ben arraigadas: o canto e a gaita.

Un tempo no que o grupo foi modelando o seu camiño transformando o estilo, sen renunciar ao seu son característico. Fieis ao compromiso co seu público, tentando elevar a música tradicional ao máximo nivel. Ao longo da súa traxectoria son moitas as melodías que rescataron do anonimato e outras tantas creadas para que a cadea de transmisión da música tradicional continúe viva.

Un xeito de facer, cunha personalidade moi característica de enlazar a raiz musical da nosa cultura co xeito de entender hoxe a música tradicional.

25 anos de gravacións e concertos, 6 discos no mercado, unha variada gama de colaboracións discográficas e vida en común, compartindo co público o poder e a forza evocadora, máxica e reconfortante do canto colectivo.

+ info: <http://treixadura.com/>



# TIRULEQUE

**SÁBADO 19 DE AGOSTO - 1:45 H.**

Na primavera de 2002 nace como proxecto TIRULEQUE, consecuencia das inquedanzas musicais de cinco rapaces, todos eles chegados do mundo da música tradicional. Bebendo nas fontes desa tradición musical galega, tanto a través de recollidas como recurrido aos cancioneros, pero tendo tamén presentes outras moitas influencias, o grupo tenta fuxir de etiquetas que limiten a súa capacidade creativa, sentíndose simplemente identificado co termo música galega nun intento de clasificar o seu estilo. Neste aspecto, a máxima de TIRULEQUE é acadar o seu propio son identificable tanto en temas tradicionais como nas composicións propias, campo polo que o grupo mostra unha maior predilección.

+ info: <https://tiruleque.wixsite.com/tirulequegal>



# SÁBADO 19 AGOSTO



## REFUXIO DE PESCADORES COVAS – NEGREIRA



CONCELLO DE  
NEGREIRA